

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de xullo de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día sete de xullo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(958).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(959).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (PERSONAL PARA DOCENCIA, SERVIZO COMEDOR, SERVIZOS NUTRICIÓN, MANTEMENTO CONSERVACIÓN, LIMPEZA E MATERIAL DIDÁCTICO). EXPTE. 10715/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.06.09, o informe de fiscalización do 3.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 1.07.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarara a urxencia na tramitación do expediente 10175-332 polas razóns expostas polo Xefe do servizo de Educación de 05-06-2009.

2º.- Aproba-lo gasto de 2.718.868 euros para a contratación dos servizos para as escolas infantís municipais consistentes en aportación do persoal necesario para a docencia e coidado integral dos nenos matriculados, servizo de comedor, servizos complementarios de orientación e nutrición, pequeno mantemento, conservación e limpeza dos edificios escolares e do material didactico propiedade do concello de Vigo, situadas en Atalaia-Teis, Costeira de Saians e Santa Cristina de Lavadores que se imputarán as seguintes partida 422.0.227.06.04, 422.0.227.06.07 e 422.0.227.06.08 dos presupostos dos anos 2009 ó 2013.

3º Aproba-lo expediente de contratación por lotes dos servizos para as escolas infantís municipais consistentes en aportación do persoal necesario para a docencia e coidado integral dos nenos matriculados, servizo de comedor, servizos complementarios de orientación e nutrición, pequeno mantemento, conservación e limpeza dos edificios escolares e do material didactico propiedade do concello de Vigo, situadas en Atalaia-Teis, Costeira de Saians e Santa Cristina de Lavadores , que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 05-06-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 18-06-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

**3(960).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E IMPARTICIÓN DA DOCENCIA PARA OS CURSOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 9958/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.05.09, o informe de fiscalización do 3.07.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 9.06.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións preparatorias practicadas no expediente 9958-332, confirmando á orde de inicio do expediente asinada pola Concelleira Delegada de Educación de 08-10-2008.

2º.- Aproba-lo gasto que de 230.000 euros para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e impartición da docencia para os cursos e actividades de formación teatral que o concello de Vigo acorde coa programación anual da escola municipal de Teatro, que se imputarán a partida 422.0.227.06.03 dos presupostos dos anos 2009; 2010 e 2011.

3º Aproba-lo expediente de contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e impartición da docencia para os cursos da escola municipal de teatro, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 27-04-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 29-04-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

**4(961).- PROGRAMA DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL, ANO 2009. EXP-TE. 34002/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos e o técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 25.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aproba-lo programa de disponibilidad para a Policía local de Vigo que a continuación se transcribe:

*PROPOSTA DE ACORDO SOBRE XORNADAS DE DISPONIBILIDADE PARA A POLICÍA LOCAL PARA O ANO 2009.*

*PRIMEIRA.- Obxecto, ámbito de aplicación e período de vixencia.*

*O presente acordo ten por obxecto autoriza-la realización por parte do persoal de cadro da Policía Local, dun total de 700 xornadas, respecto das legalmente previstas, cunha duración cada unha delas de oito (8) horas.*

*Corresponde ao Xefe da Policía Local, en función das necesidades do servizo, distribuir las xornadas de reforzos entre o persoal adscrito ao programa.*

*Ditas xornadas realizaránse dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e ata o 31 de decembro de 2009.*

*O custo total do programa non poderá exceder, en ningún caso,de 148.024,00 €*

*SEGUNDA.- Voluntariedade.*

*A realización das xornadas adicionais ten carácter voluntario.*

*Unha vez adscritos ó programa, os interesados veñen obrigados ao seu exacto cumprimento nos termos previstos no presente acordo.*

*Dado o carácter voluntario de participación no programa de reforzos deberase realizar a adscripción ao mesmo de forma expresa por escrito, no que se declare o coñecemento das condicións nas que se deberá realizar aquél.*

*A tal efecto, a Xefatura da Policía Local habilitará un prazo de quince días naturais, a contar dende o seguinte á asinatura do presente documento, para que os interesados poidan manifestar o seu interese en adscribirse ao programa, con carácter previo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.*

*O listado do persoal adscrito e as adhesións individuais ao mesmo, será remitido ao Servizo de Recursos Humanos e deberá figurar inexcusablemente nome e apelidos, grao, número de persoal e sección á que esta adscrito o interesado.*

*Unha vez rematado o prazo non poderá adherirse ao programa ningún funcionario.*

*TERCEIRA.- Retribucións<sup>1</sup>.*

*As xornadas de reforzo serán retribuídas en concepto de produtividade.*

*O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:*

- 1º.- Policía: 208 €*
- 2º.- Oficial: 221,5 €*
- 3º.- Inspector: 249 €*
- 4º.- Inspector principal: 256 €*

*O Servizo da Policía Local deberá remitir o listado do persoal que realizou as xornadas indicando nº de persoal, nome e apelidos, sección na que se atopan adscritos e data de realización das mesmas, ao obxecto do correspondente control.*

*CUARTA.- Imposibilidade de continuar prestando a xornada de reforzo.*

*No caso de que durante a prestación dalgunha das xornadas extraordinarias, o funcionario/a sufra algunha continxencia no seu estado de saúde que lle impida a continuación da prestación do servizo, deberá presentar xustificación oficial mediante o documento P-10 ou parte de ILT.*

*Neste casos, o interesado poderá recuperar o tempo restante ata a conclusión da xornada de reforzo no momento en que se lle indique pola Xefatura do Servizo, sen prexuízo do seu dereito a percibir a cantidade correspondente a parte da xornada efectivamente realizada.*

---

<sup>1</sup> Contempla a retribución de 2008 máis o IPC previsto na Lei 2/2008, de orzamentos do Estado para 2009

*Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se a causa da incapacidade é por accidente de traballo ou enfermidade profesional, someteráse a Comisión de Seguimento a forma de proceder en canto á necesidade de recuperar a parte da xornada non realizada.*

**QUINTA.- Límites**

*As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do interesado/a.*

*Os/as interesados/as, previa comunicación e conformidade da Xefatura, poderán intercambiar os seus días de disponibilidad por interés particular, sempre que se trate de funcionarios/as da mesma categoría y sección.*

**SEXTA.- Exceso na duración das xornadas extraordinarias e outras circunstancias.<sup>1</sup>**

*No caso excepcional de que a xornada exceda das oito horas, a diferenza aboarase segundo os seguintes parámetros:*

*Policía: 26 €/h  
Oficial: 27,7 €/h  
Inspector: 31,20 €/h  
Inspector Principal: 32,30 €/h.*

**SÉTIMA.- Exclusividade retributiva**

*As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo algún distinto dos expresados no presente Acordo.*

*En todo caso, respetaranse as gratificacións previstas no art. 16 B, subapartado a) do vixente Acordo Regulador (24 e 31 de decembro).*

*No caso excepcional de que o persoal adscrito as quendas de mañá ou tarde se lle sexa asignado una xornada de disponibilidad na quenda de noite, devengará o recargo en concepto de nocturnidade.*

**OITAVA.- Permisos oficiais e xornadas de reforzo.**

*No caso de coincidir no día sinalado para a realización dunha xornada de reforzo, un permiso oficial do interesado/a segundo a normativa vixente, éste terá que recuperar a xornada no momento e na forma acordada pola Xefatura do Servizo.*

**NOVENA.- Circunstancias de execución.**

*Corresponde exclusivamente ao Xefe da Policía Local organizar a prestación das xornadas extraordinarias, en función das necesidades de servizo. Os servizos de reforzo comunicaránse, de ser posible, cunha antelación mínima de catro (4) días, salvo circunstancias excepcionales ou de forza maior.*

---

<sup>1</sup> Contempla a retribución de 2008 máis o IPC da lei de orzamentos de 2009

*Ditas xornadas realizaránse con carácter xeral en servizos na rúa, e inexcusablemente nas datas fixadas pola Xefatura en aplicación das cláusulas do presente acordo, salvo causa de forza maior.*

*Nos casos excepcionais en que a prestación das xornadas de reforzo non se realicen en servizos na rúa, o Superintendente da Policía Local deberá facer constar no seu informe as circunstancias que deron lugar a elo.*

*DÉCIMA.- Participación do Persoal.*

*Co fin de garantir o correcto cumprimento por ambas as dúas partes das cláusulas do presente acordo e as súas vicisitudes, constitúese unha Comisión integrada polo Presidente do Comité de Persoal e un representante de cada sindicato no Comité de Empresa; o concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Transportes, o concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, o Xefe do Corpo e un funcionario/a, técnico/a de administración xeral, que fará as veces de secretario. En cada reunión levantarase acta con contido dos asuntos tratados e, no seu caso, dos acordos acadados.*

*DECIMO-PRIMEIRA.- Memoria do programa*

*Na primeira semana do mes de decembro, o Xefe da Policía Local remitirá a Xunta de Goberno local memoria detallada e explicativa do grado de execución e cumprimento dos obxectivos previstos no programa de reforzos que se aproba.*

2º.- Autorizar o gasto de 148.024,00 €€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE, destinado ao aboamento da realización do presente programa de dispoñibilidade do Servizo da Policía Local.

3º.- A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a ampliación da realización de xornadas de dispoñibilidade ata un máximo de 1.750, dentro do período de vixencia do programa previa acreditación da súa necesidade..

## **5(962).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PERI 4 BARREIRO 2. EXPTE. 4885/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 3.07.09, conformado polo director adxunto dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, o director da Oficina de Planeamento-Xestión, e o director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

### *I. ANTECEDENTES*

*I.1. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión do 10.10.2002, adoptou o seguinte acordo:*

«PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da Polígono 1 do PERI "4-Barreiro-2", de iniciativa municipal, na súa última versión, de setembro de 2001, con Memoria e Planos asinados polo enxeñeiro D. Santiago N. López Fontán (expte. 4375/401).

SEGUNDO: Incorporar ó expediente núm. 7050/411 do PERI "4-Barreiro-2" os escritos de alegacións interpostos por D. José García Diéguez, D<sup>a</sup> Mercedes Feijoo Segovia e D<sup>a</sup> Digna Castro Vales, toda vez que non se refiren a este Proxecto de Urbanización senón única e exclusivamente ó PERI. Ditos escritos serán examinados nese outro expediente, no que se deberon incluír dende un principio.

TERCEIRO: Durante a execución das obras deberá darse cumprimento ó especificado polos enxeñeiros municipais de Parques e Xardíns e Servicios Electromecánicos nos seus respectivos Informes, obrantes no expediente.

CUARTO: No momento inmediatamente anterior ó do inicio das obras efectuarase un replanteo das mesmas en coordinación cos técnicos do departamento de Vías e Obras do Concello. Tamén debe comunicarse o inicio e finalización das obras ó departamento municipal de Servicios Electromecánicos, para a comprobación da rede de iluminación pública.

QUINTO: Publíquese este Acordo no BOP e no DOG. Notifíquese ó departamento municipal de Vías de Obras, e ós interesados afectados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo máximo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses».

I.2. Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 16.10.2006 decidiu adjudicar as obras correspondentes ó proxecto de urbanización das Fases I e II do Polígono 1 do PERI 4 BARREIRO – 2 á empresa “Movex Vial, S.L.” por importe de 2.584.410 € (Exp. nº 1641/407; BOP nº 230, do 30.11.2006).

I.3. O 12.11.2008 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 80143407) a solicitude do contratista de recepción das obras correspondentes ó proxecto modificado das obras de urbanización de referencia.

I.4. Constan no expediente nº 4885/401 os seguintes informes favorables:

- Do Servizo de Electromecánicos, do 26.12.2008.
- De “Gas Galicia SDG, S.A.”, do 16.01.2009.
- De “Telefónica de España, S.A.”, do 19.01.2009.
- De “Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A.”, do 13.02.2009.
- De “R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.”, do 11.03.2009.
- De “Unión Fenosa, S.A.”, de acordo coa comunicación remitida o 16.06.2009 e os informes do Director adxunto dos Servizos técnicos da XMU de datas 19.06.2009 e 03.07.2009, dos que resultaría a viabilidade de que, desde a rede actual, se dea servizo ó edificio de vivendas promovido pola Federación de AAVV Eduardo Chao.
- Do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 29.06.2009.

I.5. Advírtese, con todo, que o informe favorable da empresa “Unión Fenosa, S.A.” estaría condicionado a que, para garantir a potencia por subministrar ó resto de dotacións e edificacións do ámbito (p.ex. a piscina olímpica), o Concello se faga cargo das obras incluídas no expediente nº 248107110309, cuxo importe estimado –non vinculante para o Concello– ascendería a 247.386,10 € (Informe do Director dos Servizos técnicos da XMU do 14.04.2009; Exp. nº 56/403).

Segundo informa o Director adxunto dos Servizos técnicos da XMU o 19.06.2009, as unidades de obra civil as realizaría o Concello de Vigo, ó seu cargo (e ós prezos establecidos por esta Admón.), seguindo o esquema desenhado pola compañía eléctrica, encargándose ésta das incluídas como obra eléctrica.

I.6. Para os efectos do disposto no Art. 4.3.4.2. do PXOM, achégase tamén informe do Enxeñeiro técnico de OO.PP. e do Director adxunto dos Servizos técnicos da XMU de data 19.06.2009 no que se indica que: «Durante la ejecución de las obras de urbanización cuya recepción se propone, y con cargo al correspondiente porcentaje estimado para el preceptivo Control de Calidad, la empresa GALAICONTROL llevo a cabo los ensayos e informes que la Dirección de Obra solicitó. En el expediente constan las copias de dichos informes y ensayos, que avalan la idoneidad de las obras, salvo vicios ocultos». Tales ensaios e informes obran na documentación técnica relativa á execución deste proxecto de urbanización.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).*
- *RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. públicas.*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP*
- *L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.*
- *D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).*

## III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA



III.1. Dispón o Art. 110.5 da LOUGA que a recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas e que, para o caso de que a Admón. non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres (3) meses, contado desde que se inste a recepción, abondará co ofrecemento formal de cesión das mesmas pola persoa responsable da execución, para os efectos de entendelas recibidas.

III.2. Na actualidade, o Art. 218 da LCSP preceptúa que á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato (se existise) ou un facultativo designado pola Admón. representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Se as obras se atopasen en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Admón. contratante e representante desta as dará por recibidas, redactándose a correspondente acta e comezando entón a contar o prazo de garantía que, en principio, non poderá ser inferior a un (1) ano.

Durante ese prazo de garantía, o propietario coidará da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que periguen as mesmas, executaranse pola Admón. e a custa do contratista os traballos precisos para evitar o dano (Art. 167 RX-TRLCAP). No suposto de vicios ocultos na obra, o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos (Art. 219 LCSP).

III.3. Inclúense no expediente administrativo, como xa se dixo, os informes favorables das distintas compañías prestadoras dos diferentes servizos urbanísticos, así como dos departamentos municipais ós que se lles requiriu. Reitérase, en todo caso, o carácter condicionado da autorización de “Unión Fenosa, S.A.”, supeditado ó compromiso municipal de asumir ó seu cargo as obras incluídas no expediente nº 248107110309 da compañía eléctrica, que deberían executarse con carácter previo á posta en funcionamento das demais de dotacións e edificacións previstas; en concreto, da piscina olímpica.

Consta tamén o informe do Enxeñeiro técnico de OO.PP. e do Director adxunto dos Servizos técnicos da XMU do 03.07.2009 no que se indica que as obras foron executadas de conformidade cos proxectos aprobados e que non existiría inconveniente en acceder ó solicitado; é dicir, á recepción das obras de urbanización obxecto de informe.

III.4. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no Art. 127 da LRBRL.

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte, ACORDO

**PRIMEIRO:** De acordo cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4885/401, aceptar a recepción das obras incluídas no proxecto de urbanización do Polígono 1 do PERI 4 BARREIRO – 2 (Fases I e II), executadas –por encargo municipal- pola empresa “Movex Vial, S.L.”.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

*TERCEIRO: Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia de Urbanismo, ós Departamentos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."»*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaoito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.